



Curso “Acompañamento e traballo psicolóxico con menores trans e as súas familias”

DOCENTES

Carlos Álvarez García (G-2040) e Penélope Alonso Vázquez (G-3277).

ORGANIZA

Comisión Intersectorial feminista do Colexio Oficial e Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Concha Fernández Fernández (G-3497).

DURACIÓN

8 horas.

DATA E HORARIO

Sábado, 1 de xuño de 2024.
De 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

MODALIDADE

Presencial e online.

LUGAR

Sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

PRAZAS

20 prazas na modalidade presencial.
30 prazas na modalidade online, a través da plataforma Moodle e Zoom.

PREZOS

Psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de psicoloxía, master ou doutoramento.....16,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....32,00€
Psicólogos/as non colexiados/.....64,00€

*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_ formacion_ para_ colexiados_ e_ colexiadas.pdf



Curso “Acompañamento e traballo psicolóxico con menores trans e as súas familias”

PROGRAMA

De 10:00 a 14:00 horas.

Traballo psicolóxico con menores trans e familias no ámbito da saúde.

Introdución: Da disforia á incongruencia. Epidemioloxía e perfís.

1. A unidade de Xénero Servizo de Endocrinoloxía do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela: Equipo asistencial e prestacións.

2. Traballo con familias como parte do acompañamento a persoas trans.

- 2.1. A importancia do apoio e aceptación familiar.
- 2.2. A transición da familia: do rexeitamento a aceptación.
- 2.3. O primeiro contacto coa familia.
- 2.4. A relación co/a profesional.

3. Obxectivos de traballo e abordaxe das necesidades das familias.

- 3.1. Pautas de manexo.
- 3.2. Dificultades de relación entre os/as proxenitores/as.
- 3.3. Atención as/aos outras/os membros da familia.

De 16:00 a 20:00 horas.

Acompañamento dende o ámbito socioeducativo.

Introdución: Apuntes sexolóxicos para a comprensión dos feitos de diversidade sexual.

4. A diversidade como faro do acompañamento.

5. A contorna social como elemento de protección.

6. Acompañamento dende o ámbito socioeducativo.

- 6.1. Os centros educativos como espazos de cambio e diversidade.

7. Recursos que axudan a comprender e acompañar.

8. Conclusións.

OBXECTIVOS

- Analizar as necesidades de menores trans no ámbito socioeducativo e sanitario.
- Abordar o acompañamento e traballo con menores trans e as súas familias dende o punto de vista da saúde e socioeducativo.
- Coñecer estratexias de traballo con familias para a aceptación e acompañamento de menores trans.
- Coñecer os servizos e recursos para o acompañamento e intervención con menores trans e as súas familias no ámbito sanitario e educativo.



Curso “Acompañamento e traballo psicolóxico con menores trans e as súas familias”

METODOLOXÍA

Sesións formativas-interactivas.

DOCENTES

Carlos Álvarez García (G-2040).

Psicólogo clínico, terapeuta familiar. Actualmente traballa na Unidade de Xénero Servizo de Endocrinoloxía do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela e é o presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Penélope Alonso Vázquez (G-3277).

Psicóloga con habilitación sanitaria e especialista en Sexoloxía, con experiencia no acompañamento a persoas trans e as súas familias. Relatora en diversos cursos, xornadas e obradoiros dirixidos tanto a mocidade como a familias, e profesionais de diferentes ámbitos. Actualmente traballa na rede de Centros Quérote+ da Xunta de Galicia. Presidenta da Asociación Sexus e forma parte da Xunta Directiva da Asociación Estatal de Profesionais da Sexoloxía (AEPS).

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respectarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

En caso de non cubrir o número mínimo de prazas na modalidade presencial, o curso pasará a ser exclusivamente online.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 22 de maio de 2024.